



Contando coas emocións



intervención no desenvolvemento a través da literatura infantil

VI Concurso de traballos por proxectos

Modalidade 2: Proxectos de investigación dirixidos por profesorado dun grupo

Submodalidade A: Traballo de grupo



Biblioteca "Blanco Amor"
CIFP Portovello




Centros
Integrados
Formación Profesional



Portovello

Índice

1. Introducción	2
2. Obxecto.....	7
3. Descrición do proceso de deseño.....	7
4. Documentación elaborada para o alumnado.....	7
5. Relación das tarefas do alumnado	8
6. Recursos utilizados	9
7. Implicación da comunidade educativa.....	11
8. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa	12
9. Avaliación realizada.....	12
10. Función e participación da biblioteca escolar	14



Loris Malaguzzi

"A educación debe liberar a enerxía e as capacidades da infancia, así como promover o desenvolvemento harmónico das crianzas en todas as áreas: a comunicativa, social, afectiva, e un pensamento crítico e científico"

1. Introducción

O módulo *Desenvolvemento socioafectivo*,

permite ao alumnado do *Ciclo Superior de Educación Infantil* adquirir as destrezas e os coñecementos necesarios para desenvolver o seu labor profesional programando, planificando, implementando e avaliando actividades que permitan contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual do alumnado, en estreita cooperación coas familias. A educación infantil constitúe unha etapa educativa de capital importancia para o desenvolvemento integral e harmónico da persoa, na que xorde a necesidade de relacionarse cos demais e de respectar as normas de convivencia, aprendendo a vivir xuntos e contribuíndo ao desenvolvemento da competencia social e cidadá.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de organización, intervención ou execución, e avaliación de intervencións educativas dirixidas a favorecer o desenvolvemento emocional, social, moral e sexual dos cativos e das cativas de cero a seis anos.

Na modalidade ordinaria impártese no segundo curso do ciclo formativo de educación infantil, ao longo de dous trimestres (de setembro a marzo), sendo o alumnado do grupo A formado por 28 persoas, o que participou na proposta deseñada pola súa profesora e membro do equipo da biblioteca Eduardo Blanco Amor do CIFP Portovello.

A experiencia deseñouse considerando que o proceso de ensino aprendizaxe dun módulo formativo é un continuo entre o primeiro curso e o segundo, e ao mesmo tempo entre todos os módulos formativos do ciclo. Por este motivo os resultados de aprendizaxe acadados o curso pasado nos servirían de alicerce para este, cobrando un papel especialmente relevante o módulo de Expresión e comunicación polo seu achegamento á literatura infantil. Asemade as aprendizaxes cobran valor para o alumnado cando permiten observar

a aplicación directa no seu mundo profesional. Deste modo, a contribución da profesora sería presentar aqueles contidos mínimos que serven de base para iniciar a investigación e o deseño das intervencións que como educadoras e educadores infantís poderían desenvolver na práctica profesional tanto ámbito formal como non formal.

A grandes rasgos, o proceso seguido, unha vez presentada a metodoloxía escollida, repetiuse ao longo do curso para cada un dos bloques de contidos: desenvolvemento afectivo, social, moral, sexual e posibles conflitos. Iniciábase coa presentación da temática a investigar por parte da profesora a todo o grupo e logo continuábase de forma simultánea co traballo colaborativo nos diferentes equipos para finalizar coa presentación das diferentes propostas.

CALENDARIO

primerio e segundo trimestre do curso 2018-2019



No punto 5 descríbese con máis detalle as tarefas desenvolvidas polo alumnado.

Atendendo ao Decreto 226/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en educación infantil, os resultados de aprendizaxe e os correspondentes criterios de avaliación que foron abordados no proxecto son os seguintes:

<p>RA1. Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento afectivo dos cativos e das cativas analizando as teorías explicativas e as características individuais e do grupo a que se dirixan.</p>	<ul style="list-style-type: none"> – CA1.4. Identificáronse e consideráronse as variables relevantes para o deseño da intervención. – CA1.5. Formuláronse obxectivos pertinentes ás características evolutivas dos cativos e das cativas. – CA1.6. Propuxéronse actividades, recursos e estratexias coherentes cos obxectivos e as características dos pequenos e das pequenas. – CA1.8. Propuxéronse actividades favorecedoras do desenvolvemento da identidade persoal e dunha autoimaxe positiva. 	<ul style="list-style-type: none"> – CA1.9. Valorouse a importancia das persoas adultas e dos proxenitores na construción dunha identidade persoal axustada. – CA1.10. Valorouse a importancia da afectividade no desenvolvemento integral do suxeito. CA1.11 - Amosouse unha actitude responsable, de colaboración e respecto ao grupo e á profesora.
<p>RA2. Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento social dos pequenos e das pequenas en relación cos factores influentes e as características individuais e do grupo a que se dirixan.</p>	<ul style="list-style-type: none"> – CA2.4. Identificáronse e consideráronse as variables sociais salientables para o deseño da intervención. – CA2.5. Formuláronse obxectivos acordes ás características evolutivas dos nenos e das nenas no ámbito social. – CA2.6. Propuxéronse actividades, recursos e estratexias coherentes cos obxectivos e coas características dos cativos e das cativas. 	<ul style="list-style-type: none"> – CA2.7. Propuxéronse actividades e estratexias para o desenvolvemento de habilidades sociais nos cativos e nas cativas. – CA2.8. Propuxéronse actividades favorecedoras da observación e da exploración do contorno social. – CA2.9. Valorouse o papel da escola na socialización dos nenos e das nenas.
<p>RA3. Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento en valores dos cativos e das cativas, en relación coas teorías</p>	<ul style="list-style-type: none"> – CA3.3. Identificáronse e consideráronse as variables sociais salientables para o deseño da intervención. – CA3.4. Formuláronse obxectivos acordes ás características evolutivas dos pequenos e das pequenas. – CA3.5. Propuxéronse actividades, recursos e estratexias coherentes cos obxectivos e coas características evolutivas dos cativos e das 	<ul style="list-style-type: none"> – CA3.6. Propuxéronse programas e actividades de educación en valores favorecedoras do desenvolvemento integral. – CA3.7. Valorouse a actitude das persoas adultas na interiorización de valores e normas nos nenos e nas nenas de cero a seis anos.

<p>explicativas e as características individuais e do grupo a que se dirixan.</p>	<p>cativas.</p>	
<p>RA4. Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento sexual dos cativos e das cativas, analizando as características evolutivas da sexualidade infantil e a influencia dos estereotipos sociais.</p>	<p>– CA4.4. Valorouse o papel dos estereotipos na construción da identidade sexual e formuláronse obxectivos adecuados ás características evolutivas dos cativos e das cativas. – CA4.5. Propuxéronse actividades, recursos e estratexias favorecedoras do desenvolvemento dunha identidade sexual. – CA4.7. Establecéronse estratexias e mecanismos para a detección de elementos que dificultan a igualdade dos sexos.</p>	<p>– CA4.8. Describíronse programas, actividades e estratexias de actuación promotoras de igualdade. – CA4.9. Seleccionáronse recursos didácticos non sexistas para a intervención. – CA4.10. Valorouse a necesidade de analizar as propias actitudes e os comportamentos relacionados coa igualdade de sexos.</p>
<p>RA5. Programa estratexias de intervención nos trastornos habituais de conduta e os conflitos nas relacións infantís, e analiza as teorías e as técnicas propostas.</p>	<p>– CA5.1. Describíronse as principais teorías e técnicas de intervención ante os trastornos habituais de conduta. – CA5.2. Identificáronse os trastornos de conduta e os conflitos nas relacións interpersoais máis frecuentes na infancia. – CA5.3. Establecéronse e describíronse as fases do programa de intervención. – CA5.5. Establecéronse as estratexias e os instrumentos para identificar as causas dos trastornos de conduta ou de relación.</p>	<p>– CA5.4. Valorouse a importancia do diagnóstico na programación da intervención. – CA5.6. Identificáronse as técnicas de intervención máis acaídas para cada situación. – CA5.7. Describíronse estratexias de mediación que propicien o consenso na infancia. – CA5.8. Describíronse os instrumentos máis adecuados para o seguimento da intervención. – CA5.9. Describíronse as pautas de actuación correcta por parte do educador ou da educadora ante os problemas de conduta e os conflitos nas relacións infantís. – CA5.10. Valoráronse as limitacións dos pequenos e das pequenas para modular e controlaren a conduta.</p>

<p>RA6. Pon en práctica programas e actividades de intervención no ámbito socioafectivo en relación cos obxectivos, as estratexias metodolóxicas e o papel do educador ou da educadora.</p>	<ul style="list-style-type: none"> – CA6.1. Describíronse as actitudes e o papel que debe desempeñar o educador ou a educadora para favorecer o desenvolvemento socioafectivo dos cativos e das cativas. – CA6.2. Identificáronse estilos de relación favorecedores da creación dunha identidade positiva. – CA6.3. Identificáronse as actitudes e as habilidades sociais necesarias para se relacionar axeitadamente cos nenos e as nenas. – CA6.4. Potenciouse a expresión e a identificación de emocións por parte dos cativos e das cativas. – CA6.5. Organizáronse os espazos atendendo ás necesidades socioafectivas dos pequenos e das pequenas. 	<ul style="list-style-type: none"> – CA6.6. Dispuxéronse os recursos e os agrupamentos de xeito que se propicie a interacción libre dos nenos e das nenas. – CA6.7. Respondeuse adecuadamente ante as contingencias relativas ao ámbito socioafectivo. – CA6.8. Analizouse e valorouse o papel da persoa educadora na creación dun clima de afecto e confianza. – CA6.9. Respectouse o principio de igualdade dos sexos no desenvolvemento da intervención. – CA6.10. Aplicáronse estratexias que favorezan o desempeño de papeis variados que non reproduzan unha asignación sexista.
<p>RA7. Avalía a intervención realizada no ámbito socioafectivo e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.</p>	<ul style="list-style-type: none"> – CA7.1. Identificáronse os indicadores de avaliación máis pertinentes no ámbito socioafectivo. CA7.2. Deseñáronse ou seleccionáronse instrumentos axeitados para obter información sobre a situación socioafectiva do cativo ou da cativa. – CA7.3. Xustificouse a importancia da avaliación inicial. – CA7.4. Rexistráronse no soporte establecido os datos extraídos do proceso de avaliación. – CA7.5. Valorouse a importancia da obxectividade na obtención e no rexistro da información. 	<ul style="list-style-type: none"> – CA7.6. Interpretouse correctamente a información recollida dos procesos de avaliación. – CA7.7. Identificáronse as situacións que requiran a participación doutro persoal profesional e as pautas de actuación. – CA7.8. Elaboráronse informes coherentes coa información para transmitir e coa persoa que a vaia recibir. – CA7.9. Identificáronse as causas dunha intervención non adecuada. – CA7.10. Valorouse a importancia da avaliación para corrixir as desviacións e mellorar a intervención.



Aristóteles

"Cada persoa busca a felicidade dunha maneira distinta e por diferentes medios e así fabrica distintas formas de vivir"

2. Obxecto

O traballo que se achega pretende amosar como a literatura infantil pode ser un recurso para facilitar o desenvolvemento socioafectivo da infancia. A través do estudo e análise, de forma paralela, de diferentes contos e álbums ilustrados e as características propias do desenvolvemento afectivo, social, moral e sexual elaboráronse trinta propostas de intervención específicas.

3. Descrición do proceso de deseño

O proxecto xorde da necesidade de atopar unha metodoloxía alternativa que lograse implicar ao alumnado cun papel máis activo no seu proceso de aprendizaxe. Tratábase de facilitar a conexión entre os contidos curriculares e a práctica profesional. Ao mesmo tempo, o feito de formar parte do equipo da biblioteca, permitiu a profesora asumir a responsabilidade de querer dotar ao alumnado das competencias informacionais e mediática. Con todo isto, *Contando coas emocións*, é un proxecto que non so abrangue os contidos do módulo formativo senón que inclúe as habilidades necesarias para o traballo colaborativo e as ALFIN e AMI.

4. Documentación elaborada para o alumnado

Ao inicio de de cada unha das cinco fases do proxecto a profesora achegou ao alumnado unha presentación que serviu de apoio para iniciar as investigacións e na aula virtual do módulo publicouse a descrición das tarefas xunto coa rúbrica que se utilizaría na avaliación.

5. Relación das tarefas do alumnado



6. Recursos utilizados

Contando coa emocións desenvolveuse na aula María Barbeito e na biblioteca, aproveitando o equipamento informático e a conexión wifi de ambos espazos.

Alumnado e profesora utilizaron a colección da biblioteca, principalmente os fondos de literatura infantil e xuvenil pero tamén doutras seccións como a da educación afectivo sexual (372.8), educación infantil (372.3) ou psicoloxía (159.9). A continuación achégase a escolma de álbums ilustrados:

- Azcona, M. (2005). *Un agasallo diferente*. Pontevedra: Kalandraka
- Battut, E. (2005). *El secreto*. Barcelona: Kókinos
- Bonilla, R. (2017) *De que cor é un bico?* Valencia: Algar
- Cali, D. (2011). *El increíble viaje de la abuela*. Madrid: Jaguar
- Carrera, M.E. e outros (2008). *Mimi e a xirafa azul*. A Coruña: Baía
- Carrier, I. (2010). *El cazo de Lorenzo*. Barcelona: Juventud
- Cutbill, A. (2010). *A vaca que puxo un ovo*. Pontevedra: Patasdepeixe
- Chih-Yuan, C. (2005). *Guyi-Guyi*. Barcelona: Thule
- Dunbar P. (2004). *Lola con alas*. Barcelona: Ediciones Serres
- Foreman, M. (2012). *Amigos*. Madrid: Lata de sal
- Fortuny, N. (2012). *Cosquillas*. Barcelona: Bellaterra
- Gómez, R. (2011). *El sueño de Lu Shzu*. Madrid: Edelvives
- Justo, C. (2010). *O país dos mandóns*. A Coruña: Embora
- Lionni, L. (2007). *Nadarín*. Pontevedra: Kalandraka
- Llenas, A. (2012). *O monstruo de cores*. Barcelona: Flamboyant
- Long, E. (2014). *Garabato e Tinta*. Madrid: Lata de sal

- Mac Bratney, S. (2004). *Todos sois mis favoritos*. Barcelona: Kókinos
- McKee, D. (2018). *Elmer*. Pontevedra: Kalandraka
- Neira Cruz, X. A. (2009). *Unha chea de familias*. Vigo: Galaxia
- Perozo, X. A. (2017). *Vanesa non quere ser princesa*. Santiago de Compostela: Auga editora
- Pfister, M. (2011). *El pequeño cuervo y la luna*. Salamanca: Lóguez
- Relf, A. (2005). *El zorro hace amigos*. Barcelona: Juventud
- Saiz, R., Daviddi, E. e Núñez, M. (2007). *As pousadeiras do Rei*. Pontevedra: OQO
- Torrent, D. (2011). *O meu avó Carmelo*. Pontevedra: Kalandraka
- Van Genechten, G. (2010). *El libro de los abrazos*. Madrid: SM

Entre outras fontes utilizadas paga a pena salientar:

Abelleira, A. e Amigo, M. (coord.) (2009). *Medrando sans de sentimento en sentimento... de emoción en emoción. Propostas didácticas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde.

Horno, P. (2008). *Educando el afecto. Reflexiones para familias, profesorado, pediatras...* Barcelona: Graó.




"O desenvolvemento afectivo é a base do resto de desenvolvementos da persoa"

7. Implicación da comunidade educativa

Nesta ocasión a implicación da comunidade educativa no desenvolvemento do proxecto viuse limitada pola falta de tempo na elaboración das programacións didácticas polo que iníciase coa participación dun único grupo e a profesora do módulo formativo que forma parte do equipo da biblioteca.

Na metade do proceso, a difusión informal do proxecto, permitiu sumar ao grupo de 2º curso do ciclo superior de integración social desde o módulo *de Sistemas aumentativos e alternativos de comunicación* para a adaptación dalgúns dos materiais cos que se estaban traballando. O resultado final desta colaboración foi a adaptación do texto de *Amigos* a lectura fácil e con pictogramas. Pódese ver no seguinte enlace https://issuu.com/atheneavila/docs/cuento_amigos

A participación máis importante da comunidade educativa previse ao longo do seguinte curso coa difusión entre todas do Kamishibai *Amigos* en lectura fácil e con pictogramas.



Toshiro Kannamori

"Creo que as crianzas poden entender que os seus sorrisos brotan do apoio dos demais, por tanto os humanos non podemos vivir sós, máis ben necesitamos facelo co amor dos demais"

8. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa

No derradeiro trimestre do curso cando o alumnado accede á Formación en centros de traballo, tívose a posibilidade de desenvolver naquelas escolas infantís que o consideraron oportuno algunhas das intervencións deseñadas polo alumnado.

Por outra banda, o Kamishibai incorporouse á colección da biblioteca e estará dispoñible para o préstamo no vindeiro curso. Desta forma poderá ser utilizado polo profesorado dos módulos formativos de *Sistemas aumentativos e alternativos de comunicación* e *Apoio á comunicación*, como modelo e para o alumnado que está a desenvolver a formación en centros de traballo nos que se atopan persoas que precisan apoios na comunicación.

9. Avaliación realizada

A avaliación de *Contando coas emocións*, a docente tivo en conta o proceso de traballo na tarefa e investigación así como o resultado final. Durante o proceso a docente acompañou aos diferentes grupos de alumnado observando os seguintes criterios:



O resultado final de cada UD foi avaliado coa seguinte rúbrica:

Criterios		3	2	1	0
D o c u m e n t o	Contido do documento	A información está claramente relacionada co tema a investigar na UD.	A información está suficientemente relacionada co tema a investigar na UD.	Hai unha grande cantidade de información que non conecta co tema a investigar na UD.	O tema a investigar na UD non está claro. Inclúese información que non dá soporte de ningún xeito ao tema.
	Calidade da actividade de intervención	Proposta atractiva, creativa, innovadora e organizada. Adecuada ao tipo de actividade e tema da UD.	Proposta atractiva, creativa e ben organizada. Adecuada ao tipo de actividade e tema da UD.	Proposta organizada dalgún xeito. Adecuada ao tipo de actividade e tema da UD.	Proposta non organizada nalgunha forma, apréciase que non houbo esforzo na súa realización.
	Fontes consultadas	Consultáronse máis de 3 fontes e aparecen citadas	Consultaron algunha fonte e a citan	Consultaron algunha fonte pero non citan	Non consultaron fontes
	Calidade do documento	Inclúe portada, paxinación, diagramas ou ilustracións e fotos	Inclúe portada, paxinación, diagramas ou fotos	Inclúe portada e paxinación	Inclúe portada
E x p o s i c i ó n I n t e r v e n c i ó n	Coherencia e organización	Desenvolve o tema da investigación claramente; os exemplos específicos son apropiados; as conclusións son claras; a presentación e intervención é fluída e ben organizada.	A maior parte da información preséntase nunha secuencia lóxica; xeralmente ben organizada, pero necesita melloras entre as ideas expostas e as actividades realizadas.	Os conceptos e as ideas atópanse relacionados; o fluxo de información e organización aparecen fragmentados.	A presentación é incoherente e non é fluída; non aparece un orden lóxico de presentación.
	Dominio dos contidos	Amosan dominio do contido contestando a todas ás interrogantes expostas	Amosan dominio do contido, pero dubidan ao contestar ás interrogantes expostas	Amosan pouco dominio do contido, contesta a alguna das interrogantes expostas	Non amosan dominio do contido
	Creatividade	Presentación da actividade moi orixinal; aproveita o inesperado para lograr un avance superior; captura a atención das persoas participantes.	Hai algo de orixinalidade na realización da actividade e combinación apropiada de materiais e medios.	Pouca ou ningunha variedade; a proposta preséntase con pouca orixinalidade ou interpretación propia.	A presentación é repetitiva con pouca ou ningunha variación; emprego insuficiente de medios e materiais.
	Ton de voz	Modula correcta e apropiadamente o ton. Utilizan vocabulario correcto e adecuado.	Modula pouco o ton. Utilizan vocabulario correcto e adecuado.	Modula pouco a voz e utilizan linguaxe pouco apropiada e correcto.	Non modulan ton e utilizan linguaxe pouco apropiado e correcto.
	Participación	Mostraron gran entusiasmo e centráronse na exposición e intervención da tarefa. Ofreceron axuda ao resto do alumnado.	Mostraron algo de entusiasmo e centráronse na exposición e intervención da tarefa. Foron serviciais co resto do alumnado cando lles solicitou axuda	Traballaron, pero perderon a concentración e amosaron frustración. Non atenderon ao resto do alumnado	Perderon con frecuencia a concentración ou amosaron frustración. Non atenderon ao alumnado e mesmo foron unha distracción
Acompañamento ás persoas participantes	Esforzáronse en acompañar e axudar ao resto do alumnado, respectando os seus ritmos e intereses	Acompañaron e axudaron ao resto do alumnado, respectando seus ritmos e intereses	Acompañaron e axudaron ao resto do alumnado, pero non respectaron seus ritmos e intereses	Non acompañaron nin axudaron ao resto do alumnado	

10. Función e participación da biblioteca escolar

A participación da biblioteca escolar nesta experiencia desenvolveuse en catro liñas:

- A proposta: A profesora do módulo formativo que forma parte do equipo da biblioteca deseñou a proposta baseándose nas necesidades e potencialidades detectadas no alumnado e nas competencias profesionais, persoais e sociais que deberán desenvolver no mundo laboral como educadoras e educadores infantís, así como as competencias ALFIN e AMI.
- Os recursos: A maior parte das fontes documentais necesarias para o desenvolvemento da experiencia son da colección da biblioteca e mesmo chegaron a mercar algúns álbums para o desenvolvemento do proxecto. Por outra parte, o espazo da biblioteca escolar serviu de apoio para o desenvolvemento dalgúns sesións de aula.
- Acompañamento no proceso: A profesora como parte do equipo da biblioteca serviu de referente nas dificultades atopadas na procura de información, consulta de fontes e tratamento da información.
- Difusión da experiencia: No segundo trimestre presentouse a experiencia a segundo curso do ciclo superior de integración social, posibilitando así a adaptación dunha das obras escollidas. Esta colaboración permitiu ampliar a sección de fondos elaborados polo alumnado na nosa biblioteca quedando a disposición de toda a comunidade educativa para o vindeiro curso.